
Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

CMPS002

Lingua galega

Parte sociolingüística. Lingua galega



1. Formato da proba

Formato

- A proba consta de dous textos e vinte cuestións, distribuídas deste xeito:
 - Texto 1: cinco cuestións tipo test.
 - Texto 2: cinco cuestións tipo test.
 - Bloque de dez cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,125 puntos.
- As respostas en branco non descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 40 minutos.



2. Exercicio

Texto 1

5 *O assasinato do conde Andeiro* é unha película portuguesa, que narra as aventuras do personaxe máis famoso de Cambre. Trátase de Xoán Fernández de Andeiro, unha figura lendaria do século XIV, que se namorou da raíña de Portugal e conspirou con ela ata que morreu asasinado. A súa pegada histórica máis significativa remóntase ao 1369, ano no que se produce unha sanguenta guerra civil entre Pedro I de Castela, que era o rei, e o seu medio irmán, Henrique, que tamén aspiraba a ser monarca. De feito, acabará sendo o futuro Henrique II, primeiro da dinastía dos Trastámara. Pedro morre, Henrique é o novo rei e case toda a nobreza galega se opón. É entón cando chaman aos reis veciños. Acoden a Fernando I, rei de Portugal e dos Algarves, que acaba entrando en Galicia pola Coruña, cidade que lle foi fiel entre os anos 1369 e 1373 (...).

10 Toda esta historia está reflectida no cadeirado do salón de plenos do Concello da Coruña, situado no palacio municipal de María Pita. Alí vese ao conde Andeiro recibindo ao rei de Portugal na Coruña. Nos anos seguintes, na urbe herculina chegarase incluso a emitir moeda portuguesa [na casa da moeda] e a Coruña foi corte portuguesa durante tres anos. Pero as cousas complícanse, o rei vese obrigado a regresar a Lisboa e alí é onde se produce o desenlace trágico da vida do conde Andeiro. O de Cambre, un elemento destacado xa na corte lusa, namorouse da raíña, Leonor Teles. Morre o rei de Portugal e ambos conspiran ata o punto de que Andeiro estivo a piques de converterse no monarca portugués. E é que o nobre galego, odiado polos cortesáns portugueses, ía casar con Dona Leonor, pero acaba sendo asasinado.

20 Non hai unha certeza absoluta sobre o lugar onde pode estar enterrado o conde Andeiro. Os portugueses din que está alá, pero o seu descendente, o poeta do Rexurdimento Evaristo Martelo, sempre defendeu que está na colexiata de Santa María, na Coruña. De feito, Martelo compúxolle un poema que di así: *Detrás da túa pedra fría / da Colexiata / Dormes ti / Sen que ninguén se acorde de ti.*

[https://galego.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/2017/01/12/historia-conde-andeiro-cambres-pudo-rey-portugal/0003_201701SL12H18991.htm]

1. Cal é a información falsa?

- A** A casa da moeda da Coruña cuñou moedas de Fernando I, rei de Portugal.
- B** Xoán Fernández de Andeiro está soterrado nunha ermida situada en Cambre.
- C** Nun edificio da Coruña pode verse unha representación da historia de Andeiro.

2. A palabra “lusa” (líña 15ª) ten como sinónimo:

- A** Lisboeta.
- B** Atlántica.
- C** Portuguesa.



3. Cal é a información **correcta**?

- A** A aristocracia portuguesa axudou a Pedro a gañar a guerra e despois levouno a Lisboa, onde foi rei de Portugal.
- B** A nobreza galega acudiu ao rei Fernando I de Portugal para que lle axudase na loita en contra de Henrique.
- C** A raíña Leonor Teles casou con Henrique, con que tivo dous fillos que fundaron a dinastía da familia Trastámara.

4. Segundo o texto, Andeiro foi:

- A** Un asasino de Cambre que fuxiu a Portugal co rei Henrique no século XIII.
- B** Un poeta do Rexurdimento que compuxo versos na Coruña no século XIX.
- C** Un nobre galego que estivo namorado dunha raíña portuguesa no século XIV.

5. No texto, a palabra “cadeirado” (líña 10ª) significa:

- A** Conxunto de asentos unidos uns aos outros e fixados na parede ou no chan.
- B** Lugar onde se celebran actos públicos nun concello ou nunha universidade.
- C** Corporación que ten ao seu cargo a administración dun municipio.



Texto 2

5 María Josefa Wonenburger Planells naceu en Oleiros o 19 de xullo de 1927. Filla de Julio e Amparo, tiña unha irmá pequena. O seu pai ocupábase da fundición familiar, negocio que lles permitía vivir con fartura. Naquela época, as mulleres non adoitaban cursar carreiras superiores. Non estaba mal visto que estudasen maxisterio e se dedicasen ao ensino, pero á maioría delas esperábaas o matrimonio e o coidado do fogar. A súa familia quería que estudase unha enxeñaría para continuar co negocio familiar. Pero as matemáticas cruzáronse no seu camiño e, aínda que sabía que as súas posibilidades de dedicarse a elas profesionalmente eran limitadas, Wonenburger non quería arrepentirse no futuro de abandonar unha das súas paixóns.

10 Para María Josefa as matemáticas eran á vez sinxelas e divertidas. Tras acabar o bacharelato en 1944, debía trasladarse a Madrid para seguir a carreira de matemáticas. Pero era un momento de gran crispación política e non era conveniente vivir lonxe de casa. Tivo que esperar ata 1945 para comezar os seus estudos na Universidade Central de Madrid. María Josefa nunca tomaba apuntes na aula. Só escoitaba para non perder ningún detalle. Pola noite, xa na residencia, reproducía as explicacións que dera o profesor. Tralos cinco anos de carreira, entre 1950 e 1953, desenvolveu os seus estudos de doutoramento.

15 Algúns dos seus profesores recomendáronlle viaxar ao estranxeiro para completar a súa formación. Grazas á concesión dunha bolsa Fullbright puido viaxar aos Estados Unidos en 1953. Tras unha longa viaxe en barco chegou á Universidade de Siracusa (Nova York, EUA) para realizar un curso previo antes de comezar os seus estudos. O seu seguinte destino foi a Universidade de Yale, onde o seu supervisor foi o coñecido alxebrista Nathan Jacobson. Con el realizou a súa tese doutoral titulada *On the Group of Similitudes and its Projective Group* en 1957.

[https://www.eldiario.es/sociedad/Maria-Josefa-Wonenburger-matematica-Espana_0_858464604.html]

6. Segundo o texto, cal é a afirmación **correcta** sobre os estudos universitarios?

- A Que algunhas alumnas estudasen para seren profesoras non estaba mal considerado.
- B Os seus profesores non lle aconsellaron que fose estudar ás universidades dos EUA.
- C Na universidade tomaba moitas notas durante as clases para estudar polas noites.

7. Segundo o texto, cal é a afirmación **correcta** sobre María Josefa Wonenburger?

- A A partir dos anos 50 estudou en universidades españolas grazas a unha bolsa dos EUA
- B Estudou matemáticas para continuar a profesión que a familia dela quería.
- C Foi vivir aos EUA onde fixo unha tese de doutoramento cun profesor de álgebra.

8. No texto, a palabra "*bolsa*" (líña 17ª) significa:

- A Obxecto que serve para gardar ou transportar todo tipo de obxectos.
- B Axuda económica que recibe unha persoa para estudar ou investigar.
- C Masa de mineral ou fluído existente nunha cavidade do terreo.



9. Segundo o texto, cal é a afirmación **falsa** sobre María Josefa Wonenburger?

- A Dedicouse a estudar matemáticas porque esa era unha das súas paixóns na vida.
- B Cando era nova estaba ben visto que as mulleres estudasen a carreira de matemáticas.
- C Para estudar a carreira tivo que ir vivir a Madrid, logo de rematado o bacharelato.

10. A palabra “*crispación*” (liña 11^a) significa “acción e efecto de”:

- A Privar dunha satisfacción a alguén por non dar de si o esperado.
- B Escoller unha ou máis persoas para un cargo.
- C Provocar unha forte irritación.

Cuestións

11. Na oración “*Malgasta moito, porque lle **choven** os cartos*” a palabra en negra:

- A Presenta un fenómeno denominado sinonimia que consiste na pluralidade de significados ou de acepcións dunha palabra.
- B Posúe un significado recto, dado que conserva a definición que ten en orixe, mantendo o seu sentido primario.
- C Adquire un significado figurado a partir da asociación establecida entre o sentido primitivo e outras realidades.

12. Cal é a oración correctamente escrita e acentuada?

- A Sinte moito duelo pola morte de un ser querido.
- B Botóume fora da estrada a drede en esa curva.
- C Choveu tanto que a presa rebordou por fóra.

13. Cal é a serie de palabras que contén *substantivos abstractos*?

- A Vergoña, abraio, liberdade.
- B Chuvia, area, calor.
- C Rabaño, vaixela, exército.

14. Cal é a oración correctamente escrita?

- A Aquela tarde meu irmán exhibía unha pegatina adhesiva no hombro.
- B Aí está o ovo para faceres a maionesa antes de saíres para a baía.
- C Aínda non te deshinchou o brazo desde que rompiches o húmero?



15. Cal é a serie de palabras correcta?

- A** Bacallao, albañel, mexilón, engaño, adiviño, conello.
- B** Bacallau, albanel, mexillón, engano, adiviño, coello.
- C** Bacalao, albañil, mexilón, engaño, adivino, conexo.

16. A oración “*Eu convencino para facermos unha viaxe xuntos*” contén:

- A** Unha forma nominal que carece de tempo, modo, número e persoa.
- B** Un infinitivo conxugado cuxo suxeito propio non está expreso.
- C** Unha perífrase temporal que indica futuridade na acción.

17. Cal é a serie de palabras correcta?

- A** Esaxerar, extender, extirar, extensivo, exumación.
- B** Exixir, exumar, exaxerado, excavar, extensión.
- C** Esixir, exhumar, extenso, escavar, exclamación.

18. Os *adxectivos epítetos* son aqueles que designan:

- A** Unha calidade que xa é propia do substantivo, como en “*noite escura*”.
- B** Unha limitación do significado do substantivo, como en “*catedral románica*”.
- C** Unha anteposición respecto da colocación habitual, como en “*verdes campos*”.

19. Cal é a serie de palabras correctamente acentuada?

- A** Cambiéillelo, puido, axóuxere, diúrno.
- B** Circunstanciáis, mentíu, ademáis, druída.
- C** Materiáis, asubio, bonsái, proteína.

20. Desde o punto de vista léxico, a *sinonimia total* dáse cando dúas palabras son:

- A** Admisibles dúas formas en todos os contextos, como “*fútbol*” e “*football*”.
- B** Substituíbles unha pola outra só en certos contextos, como “*postura*” e “*posición*”.
- C** Intercambiables en calquera contexto, como “*bágoa*” e “*lágrima*”.



3. Solución para as preguntas tipo test

Nº	A	B	C	
1		X		
2			X	
3		X		
4			X	
5	X			
6	X			
7			X	
8		X		
9		X		
10			X	
11			X	
12			X	
13	X			
14		X		
15		X		
16		X		
17			X	
18	X			
19	X			
20			X	

N.º de respostas correctas (C)	
N.º de respostas incorrectas (Z)	
Puntuación do test= $C \times 0,5 - Z \times 0,125$	

Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,125 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.